

saudade

agrupación cultural galega

Outubro 2015

Núm. 12



saudade

agrupación cultural galega

Coa colaboración de:



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

**Ajuntament de
Barcelona**



**Diputació
Barcelona**

xarxa de municipis

Àrea de Cultura



REVISTA SAUDADE
Número 12 / Outubro 2015

EDITA:

Agrupación Cultural Galega Saudade
Rúa Chapí, 18-20, 08031 Barcelona,
Tel. 93 358 54 88.
email: secretaria@acgsaudade.com

PRESIDENTE:

Eduardo Méndez

REDACCIÓN e COORDINACIÓN:

Elena R. Feijóo

CORRECCIÓN DE TEXTOS:

Carme Álvarez

FOTO DE PORTADA:

Enrique Sabaté

DESEÑO e MAQUETACIÓN:

Enric Rújula

PRODUCCIÓN e IMPRESIÓN:

Cevagraf, S.C.C.L.

DEPÓSITO LEGAL:

B-17821-96

En virtude ó dereito inalienable á
liberdade de expresión, a entidade
non se fai responsable das opinións
verquidas nesta publicación polos
seus colaboradores/as

SUMARIO

■ SAÚDAS

4

Eduardo Méndez Gómez
Presidente de A.C.G. Saudade

Ada Colau Ballano
Alcaldesa de Barcelona

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

Artur Mas i Gabarró
President da Generalitat de Catalunya

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario Xeral da Emigración

■ LETRAS GALEGAS

FILGUEIRA VALVERDE, UNHA VIDA DE ESTUDO
ARREDOR DE GALICIA _____ 9

■ CULTURA

SEMBLANZAS DUNHA GALEGA UNIVERSAL _____ 12

A RECUPERACIÓN DA HISTORIA GALEGA POLO
CAMIÑO DA ARQUITECTURA _____ 14

APALPADOR, ESE PERSONAXE QUE
REGRESA POLO NADAL _____ 18

■ TURISMO

LUGO, CIDADE HISTÓRICA E ACOLLEDORA _____ 19

UNHA VOLTA POLA MARIÑA LUCENSE _____ 20

■ EMIGRACIÓN

A MORRIÑA, UN SENTIMENTO DE IDENTIDADE _____ 23

O TRABALLO DOS NÓSOS DEVANCEIROS NA
CONSTRUCCIÓN DA CANLE DE PANAMÁ _____ 24

A MIRADA A UN MUNDO DE CULTURAS.
DE GALIZA A ALEMAÑA _____ 28

■ SOCIEDADE

PENSAMENTOS DE AQUÍ E DE ACOLÀ _____ 30

■ O RECUNCHO DOS SOCIOS33



Eduardo Méndez Gómez

Presidente da A.C.G. Saudade

Despois de 27 anos traballando como directivo da nosa agrupación, nesta ocasión preséntome como Presidente da mesma, compromiso que asumín no mes de maio e que espero levar a cabo da mellor maneira posible.

Quero facer fincapé no novo marco da *Lei de Galeguidade*, que aprobou o Parlamento Galego o 11 de xuño do 2013, xa que marca unha nova forma de relación entre as Comunidades Galegas. A Lei, con todos os defectos e virtudes, para nós non foi ningunha novidade xa que no ano 2004 Saudade presentara publicamente un proxecto de unificación das Entidades Galegas de Catalunya. É certo que distaba moito do que se acabou aprobando, pero dese novo marco saíu a UAGALCAT, á que nós pertencemos e que debe ser o gran instrumento para impulsar e levar a cabo accións no ámbito cultural, social e económico en Catalunya. De nós depende, queridos asociados, que saibamos valorar que somos un pobo cunha lingua propia, cunha cultura propia e un nivel intelectual como calquera outro. Só nos falta o orgullo de pertenza.

O meu obxectivo é levar a cabo todas as actividades que estaban en marcha, así como poñer en funcionamento aquelas que sexan de interese para os nosos asociados. Tamén valoraremos todas aquelas iniciativas que nos podades presentar, tanto a nivel individual como colectivo. Por iso, tanto eu como o meu equipo estamos dispostos a aceptar todo o que vaia encamiñado a mellorar o funcionamento da nosa entidade.

Por último, quero aproveitar para salientar o labor realizado polo presidente saínte, Sr. Ernesto Lagarón Vidal, durante todos estes anos a prol da unificación das distintas entidades, e en particular, por todos os anos dedicados á nosa entidade.

Un agarimoso saúdo para todos os socios e amigos.

Ada Colau Ballano

Alcaldessa de Barcelona

SAUDADE DA MELLOR

La bonica paraula que dóna nom a aquesta publicació fa que hagi de començar aquest escrit referint-me a la Memòria. La *saudade* està feta de memòria -sentimental, emocional, històrica- i nosaltres estem fets de memòria. Cal reivindicar amb passió, com no ha parat de fer-ho la Galícia de la migració interior i exterior, i com ho va fer, amb una tenacitat extraordinària, la Galícia il·lustrada de l'exili, o la Galícia camperola i proletària de la diàspora. Memòria, tal com l'entendem, que no pot ser només refugi sinó estímul per honrar els nostres orígens i donar-nos pautes per millorar les nostres vides.

El nostre afecte per publicacions com *Saudade*, que són fruit de l'esforç de molta gent i que estan mogudes per la vocació de rescatar la memòria i relatar el present d'un col·lectiu viu i emprenedor, afirmen llaços a diverses bandes: amb la comunitat d'origen, amb els gallecs barcelonins, amb Barcelona i amb Catalunya. Plataformes d'expressió, d'opinió i d'informació com la d'aquesta revista estan en condicions de proporcionar un valuós servei als seus lectors i enriqueixen la nostra diversitat cultural: un inestimable patrimoni, i un actiu de la ciutat.

Galícia està en el nostre cor per molts motius. Sentim el poble gallec a Galícia i a Barcelona com a molt proper. Els gallecs entre nosaltres sou molts, tants més si sumem a fills i néts de gallecs, que havent nascut aquí senten la galleguitat de forma molt profunda. Compartim la sensibilitat cap a les llengües maternes, aquelles en les que vam ser acotxades i acaronades i que van crear la poesia més autèntica. Així, com uns i altres hem sortit al món, compartim també el sentiment d'universalitat, el que, per sobre de totes les diferències no deixem de ser una sola família.

Aquesta ciutat d'acollida des de temps immemorials és també la ciutat mosaic, la qual s'enorgulleix de la barreja i de la integració. L'energia de la comunitat gallega, que es palpa en les famílies, els barris, les associacions, les festes i els dies assenyalats, les activitats culturals, comercials i empresarials, és una i altra vegada agraïda i benvinguda. No deixeu mai de fer-vos sentir, d'aportar aquest aire fresc dels penya-segats verds, d'aquest Finisterre que ja va seduir els romans. No deixeu mai de contagiar la vostra empatia i el vostre esperit solidari. I que tampoc la *saudade*, com a memòria que som i que ens identifica, que no s'aturi mai.





Alberto Núñez Feijóo

Presidente da Xunta de Galicia

Un ano máis teño o pracer de achegarme aos galegos que residen en Barcelona a través da que xa é unha vella amiga, esta revista *Saudade*.

E foi precisamente a saudade, a morriña, a que vos conduciu a formar esta Agrupación Cultural Galega do mesmo nome aló polo ano 1982, un facho de galeguidade que prendestes entón e que segue vivo e crecendo.

É este, a saudade, un sentimento moi noso que une a todo galego, atope onde se atope. Pois os galegos somos emprendedores, valorosos, non hai terra, cordal, nin océano que se nos poña por diante e que nos faga arredar pero sempre, sempre devecemos por estar na nosa terra nai, na nosa Galicia que sempre levamos no corazón.

Outro dos trazos que nos caracterizan é a nosa necesidade de xuntarnos, de reunirmos, sexa na nosa terra, pero aínda con máis arelas cando estamos afastados dela, do mesmo xeito que vós facedes na vosa agrupación cultural. Agruparnos para compartir, para convivir e mesmo para añorar xuntos a terra nai. Ao xuntarvos e desenvolver as actividades que a vosa agrupación organiza, afogueirades máis o lume dese facho que mantén viva a cultura e a cerna galega en Barcelona.

Pois somos os galegos persoas prontas á confluencia, ao acordo e á suma, intentando evitar a confrontación e a resta das forzas, porque alí onde chegamos non pretendemos impoñer a nosa cultura e os nosos costumes senón que nos integramos á perfección nas novas realidades onde arribamos. E actuamos así porque estamos convencidos de que dúas culturas comportan máis riqueza que unha soa, que non é preciso elixir e que é sinal de cativeza aferrarse a unha bandeira sen deixar espazo para abrirse ao que nos rodea. Os galegos temos o corazón grande dabondo para afillar unha cultura allea sen dar as costas á propia. Creamos puntos de unión, como sei que facedes vós, favorecendo vencellos entre as diversas culturas da península, construíndo pontes entre terras irmás.

Non quero desaproveitar esta ocasión que me brindades para agradecervos a vosa representación de Galicia fóra das nosas lindes, porque sei que estando nas vosas mans a nosa reputación espallaredes a imaxe fiel do noso carácter galego, a dos *bos e xenerosos*.

Artur Más i Gavarró

President de la Generalitat de Catalunya

Felicitem l'edició de la revista *Saudade*, que porta el nom de l'activa entitat del mateix nom que promou la cultura gallega a Catalunya i que suposa una fita més en la seva cada cop més ampla trajectòria des de la seva creació el setembre de 1982.

D'aleshores ençà, *Saudade* ha donat mostres evidents de vitalitat i d'arrelament social passant dels 22 socis fundadors a les prop de 400 famílies associades que té en l'actualitat, a més d'un gran nombre de col·laboradors i amics.

Hi ha conceptes que són molt clars per a una llengua i que, en canvi, son difícils de traduir en un sol mot. Es tracta sovint de termes que porten al damunt una important càrrega cultural, que té a veure amb les vicissituds històriques que li ha tocat viure a la comunitat a la qual s'entronquen. Aquest és el cas de *saudade*: enyorança, nostàlgia ... que expressa un sentiment afectiu proper a la malenconia ... La perfecta comprensió ha d'implicar també empatia, posar-se en la pell de l'altre.

En aquest sentit és oportú destacar el paral·lelisme entre la lírica de Rosalia de Castro tan empeltada d'aquest sentiment als *Cantares gallegos* "Adiós, ríos, adiós, fontes;/ adiós, regatos pequenos;/adiós, vista dos meus ollos/ non sei cando nos veremos" i el Jacint Verdaguer de l'Emigrant: "Dolça Catalunya,/ pàtria del meu cor,/ quan de tu s'allunya/ d'enyorança es mor". A aquesta sintonia lírica, deixeu-me afegir la de caire social, per la promoció de la cultura i de la llengua pròpies, que gallecs i catalans hem defensat històricament en circumstàncies ben difícils d'exilis econòmics i polítics.

La revista rebla l'interès i l'aposta dels associats per projectar a l'exterior l'entitat, i és segur que el seu caràcter obert i plural serà una oportunitat de trobada i confluència més entre ambdues cultures. L'origen galleg de molts catalans evidencia aquesta relació i la cultura catalana n'és també creditora.

Us desitjo encert i l'acompliment dels vostres objectius d'acord amb l'empenta i l'entusiasme que mostreu.





Antonio Rodríguez Miranda

Secretario Xeral da Emigración

De entre as múltiples funcións que desenvolvo no meu traballo como Secretario Xeral da Emigración, resúltame especialmente interesante poder comprobar a capacidade dalgunhas comunidades galegas –e as de Cataluña son referente neste caso- para afrontar tempos difíciles con solucións novas, e con obxectivos e medios para conseguilos deseñados desde o realismo, involucrando ás xeracións máis novas de galegos da diáspora no éxito desa empresa.

Quero destacar, nesta oportunidade que me brindades de dirixirme ás socias e socios da Agrupación Cultural Galega Saudade, o voso compromiso certo e forte co mantemento e difusión da cultura galega, empregando esas solucións para atraer á xente nova, e irmandando así con ligazóns aínda máis fortes os extremos occidental e oriental da Península. Mediante a divulgación dos nosos costumes e idioma, logramos fornecer a semente da Galeguidade universal nesas terras, e achegamos a Galicia territorial ás segundas e terceiras xeracións de mozas e mozos xa nados en Cataluña.


Ben sei que traballades arreo pola divulgación da Galicia actual e moderna na vosa contorna habitual, e quero agradecérvolo e recoñecérvolo como merece. Pero, ao tempo, invítovos a facelo aínda con máis forza, de maneira que a Galeguidade universal que alumea a tódalas galegas e tódolos galegos do mundo, dea novos froitos nesoutra terra española.

E así, espallando o gran tesouro da nosa historia e actualidade, daremos tamén a coñecer aos visitantes a Galicia presente, contemporánea, moderna, renovada, que sen renunciar ás leccións do pasado olla de fronte ao futuro, e abrangue de xeito acolledor e integrador o futuro.

Nese camiño de futuro seguiremos andando xuntos cataláns e galegos, e por suposto tamén os galegos xa nados en Cataluña, e todas e todos aqueles que levan a Galicia no corazón.

Filgueira Valverde, unha vida de estudo arredor de Galicia

María Xesús Lama López
Profesora da Universitat de Barcelona



Foi unha tarde de inverno do 1995, hai xa case vinte anos, cando tiven a fortuna de coñecer ao profesor Filgueira Valverde na súa casa de Pontevedra, esa casa familiar na que viviu toda a súa vida, na rúa Arcebispo Malvar, da que el explicaba con orgullo unha remota orixe medieval e que pertencera nin máis nin menos que ao trobador Paio Gómez Chariño, o seu admirado almirante do mar.

Eu era daquela una emigrante, como tantos mozos de hoxe, en Alemaña, un país que seguramente tiña un significado especial para un home da súa xeración que vivira unha guerra en España na que o bando gañador contara co apoio do exército alemán e que pasara por unha paixón xermanófila entre as elites culturais afectas ao Réxime como consecuencia do trunfo do bando fascista, mentres Europa se debatía na Segunda Guerra Mundial. Nin sequera tiven a habilidade de preguntarlle pola súa posible relación ou visión daquel país e a súa cultura, onde se ía publicar a entrevista. Cousas da inexperiencia... Aquela entrevista saíu no primeiro número dunha publicación regular que chegou polo menos ata os 20 números, a *Galicien Magazin*

da Universidade de Trier, máis coñecido entre nós como Tréveris, o lugar onde se executou o herexe galego Prisciliano no século IV. Don Xosé Filgueira Valverde era daquela un persoeiro destacado para a cultura galega pola súa posición institucional como presidente do Consello da Cultura Galega, o segundo presidente daquela institución, que tomara o relevo de Ramón Piñeiro á súa morte, xa cinco anos atrás, en 1990. Tiña naquel momento 88 anos e levaba un ritmo de produción intelectual que moitos en idades máis novas quixeramos para nós. Ao preguntarlle pola súa actividade fóra da dirección do Consello, esta fora a súa resposta:

“Este ano entre obra extensa e outras máis breves publiquei trece títulos e dei cincuenta conferencias. Despois, unha tarefa que é por un lado grata e por outro me come moitísimo tempo son os prólogos. Cada ano doce, catorce, dezaioito presentacións, iso é unha cousa que me trastorna tremendamente, sobre todo a investigación. E tódolos anos recollo o principal destes traballos nunha obra que se chama Adral, da que saíu agora o tomo VIII. A parte, este ano publiquei un libro sobre Frei Martín Sarmiento, pensado como guía para os investigadores que veñan ó congreso que se vai celebrar a fins de maio.”

Eu aproveitara as vacacións de Nadal na Terra para facerlle a entrevista e era o tempo ideal para facer balance de todo o ano. Unha boa colleita! Co ritmo de traballo que podía levar a pesar da idade, quen ía dicir que morrería nove meses máis tarde! Quen o vira como eu o vin, rexo, paciente e cheo de proxectos, tampouco o diría. Pero ese ritmo de produción só era posible como resultado de toda unha vida de estudo e dedicación ao traballo intelectual que crea uns hábitos, unha disciplina e un fondo inmenso de coñecementos que permite recoller os froitos ao final do camiño.

Filgueira foi un dos máis precoces activistas daquel pulo galeguista tan florecente nos anos vinte do século pasado, pero o seu compromiso temperán con Galicia foi o resultado dun maxisterio modélico transmitido polos seus profesores, e dunha camaradaría cun fato de mozos que constituíron unha xeración especialmente brillante e produtiva na nosa historia. Deste xeito, no ensino público produciuse de feito a transmisión xeracional do pensamento galeguista naquel principio de século que esperta do cos-



Momento da conferencia das Letras Galegas en Saudade

mopolitismo internacionalista á valoración do propio arredor da fundación das Irmandades da Fala no 1916 : no da Coruña baixo a cátedra de Xoan Vicente Viqueira, no de Ourense co reforzo da chegada de Otero Pedrayo en 1821 para ampliar a influencia de Risco dende a súa cátedra de Historia na Escola Normal xa en 1916 e o seu faldoiro, e en Pontevedra con Antón Losada Diéguez e Castelao, axudante e despois interino de debuxo. Losada Diéguez, que foi profesor de Filgueira, foi de feito unha figura que parece exercer de ponte entre todos os guieiros dalgúns grupos espallados polo territorio galego dende que entra a formar parte das Irmandades da Fala e convence a Risco e o seu grupo da revista *La Centuria* para virar os seus intereses cara a cultura galega, e despois traslada a súa actividade a Pontevedra onde exerce tamén de inspirador para a mocidade. Así explicaba Filgueira a

súa experiencia naqueles anos da primeira mocidade:

“(…) os dous foron profesores meus [Losada Diéguez e Castelao]. E De la Iglesia, un fillo de D. Francisco María de la Iglesia que se lembraba de moitas cousas do pai e do seu traballo por Galicia. Polo tanto xa estudando no Instituto empezamos na casa de Losada Diéguez a facer xuntanzas, que se chamou a Xuntanza de Estudios Pontevedreses ou algo así, e empezamos a traballar. A min, que daquela tiña catorce anos, Losada mandoume facer un vocabulario dos textos galegos das Sete Partidas. E despois, claro, entramos en contacto con rapaces doutros sitios e xurdiu a idea do Seminario. Pero eramos todos moi novos, eu quizais un dos máis novos porque a maioría estaban empezando os estudos en Santiago”.

Son tamén as xestións de Losada Diéguez na Deputación fundamentais para a fundación do Museo de Pontevedra que dirixiu despois Filgueira, de maneira que en moitos sentidos a súa vida consistiu nunha fiel resposta aos estímulos do mestre afrontando con humildade


e perseveranza a continuidade dun traballo que só pode concibirse como unha construción colectiva, o traballo de cultivar e conservar o patrimonio cultural dun pobo.

Deste xeito, en parte como un deber herdado e en parte como un camiño persoal, foi traballando Filgueira Valverde ao longo da súa vida en diversos eidos: exerceu como profesor de lingua e literatura española desde 1939 no instituto de Pontevedra, do que tamén foi director de 1946 a 1976; foi director do museo da cidade durante corenta e seis anos (1940-1986) e como tal contribuíu á conservación de arquivos persoais, ao estudo e clasificación de fondos arqueolóxicos e á modernización das salas de exposición; como erudito estudoso de diversos temas de carácter local e universal en que se manifesta o amor á súa cidade, por exemplo na súa extraordinaria *Guía de Pontevedra* (1931) ou os tres volumes de *Pontevedreses universales* (1985), así como o interese polo patrimonio arquitectónico e a capital compostelá, con estudos como *El libro de Santiago* (1948), *Santiago de Compostela, guía de sus monumentos e itinerarios* (1950), *Tierras Hispánicas. Compostela, la ciudad del Apóstol* (1954) ou *Historias de Compostela* (1970).

Despois, xa na Universidade de Santiago encontraría outro mestre en Armando Cotarelo Valledor, do que aprende a apreciar a lírica popular, e froito dese interese é a preparación

de cancioneros como o *Cancioneiro de Compostela* (1932) e o *Cancioneiro musical de Galicia* editado por Castro Sampedro Folgar (1946). Pero sobre todo de Cotarelo recibe o impulso definitivo para o seu amor pola época dourada da cultura galega que foi a Idade Media, e el dirixe a súa tese de doutoramento arredor dos temas elaborados nunha cantiga mariana de Alfonso X e o seu tratamento noutras obras da literatura medieval europea, que serve de base ao seu libro *La cantiga CIII. La noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval* (1936). Outras moitas contribucións sobre temas medievais recóllense en *Ensaio sobre lírica medieval. Temas dispersos* (1925-1987), publicado por Galaxia en 1992. Pero tamén dedica estudos á algunhas grandes figuras como o Padre Sarmiento ou o literato portugués Luís de Camões, á innovación pedagóxica, elabora dicionarios e manuais de ensino, escribe prólogos, pronuncia conferencias e colabora en publicacións diversas producindo contribucións puntuais a diferentes campos, que recolle en nove volumes co título *Adral*, como unha miscelánea de saberes que caracterizou a súa produción.

E entre tantos traballos tamén tivo tempo para algunhas pequenas obras de creación: as narracións breves de *Nenos* (1925) incluídas máis tarde en *Quintana viva* (1971), a semblanza costumista de *O vigairo* (1927), a obra de teatro infantil *Agromar*,



farsa para rapaces (1936), e as poesías de *6 canciones de mar "in modo antico"* (1941).

A súa participación na vida pública foi tamén unha constante, dende aquela xuvenil participación na fundación do Seminario de Estudos Galegos, ao nomeamento como conselleiro de Cultura no primeiro goberno da Xunta, entre 1982-83. O máis visible e máis polémico da súa actividade son precisamente os cargos que ocupou nos anos da ditadura franquista e a súa cómoda relación co réxime, especialmente como alcalde de Pontevedra desde 1959 a 1968. Pero Filgueira foi tamén fundador do Partido Galeguista en 1931, correspondente e membro da Real Academia Galega, fundador do Instituto Sarmiento, e en tantos sentidos influíu tanto na xestión cultural e política como no estudo e divulgación cultural, que a penas sería imaxinable a Galicia de hoxe sen a súa existencia. A súa vida dilatada ao longo de todo un século permitiulle vivir moitos cambios sociais, tamén respecto á lingua galega, e preguntado polo futu-

ro da súa lingua daba tamén un diagnóstico que nos debera dar moito que pensar aos galegos de hoxe:

“Estase traballando moito e nunca se falou máis galego ca hoxe. Pero por outra banda, prodúcese o fenómeno de que a poboación está abandonando a vida rural para concentrarse nas vilas, e dáse un tránsito tamén moi grande da vida agraria e mariñeira á vida industrial. Entón eu vexo que os rapaces len máis galego, saben máis galego, pero perdeuse a transmisión, porque os avós xa non falan cos netos e os pais non falan cos fillos porque hai que escoitar a radio e ver a televisión.”

Aínda faltaba toda a revolución dixital que se produciu nestes últimos vinte anos e Filgueira xa vía que se estaba perdendo o diálogo interxeracional, que a transmisión de saberes, paixóns e intereses que marcara de xeito tan decisivo a súa vida e a dos seus compañeiros de xeración xa non funcionaba nas novas condicións e vida, e sabía que a nova realidade, con vantaxes e inconvenientes, presentaría novos retos aínda difíciles de imaxinar.

Semblanzas dunha galega universal

Matilde Pepín-Fernández

membro da RAECO (Real Asociación Española de Cronistas Oficiales) e da FEPET (Federación Española de Periodistas y Escritores de Turismo)

Emilia Pardo Bazán e da Rúa-Figueroa, nace na Coruña, a cidade de cristal máis aristocrática de Galicia, o día 16 de setembro do ano 1851. Filla única dos Condes de Pardo Bazán, herda o seu título no ano 1890. Fervente defensora da muller, consegue triunfar como escritora, poetisa e crítica literaria, alcanzando o recoñecemento de ser a mellor e máis importante novelista española do século XIX.

Dona Emilia Pardo Bazán falece aos 70 anos en Madrid o día 12 de maio do ano 1921; e, tal como correspondía ao seu título nobiliario, foi sepultada na cripta da igrexa madrileña da Concepción.

Emilia Pardo Bazán, educada nas correntes conservadoras da súa época, dende nena foi autodidacta; lendo e observando a sociedade que a rodeaba denuncia: *“Apenas pueden los hombres formarse una idea de lo difícil que es para una mujer adquirir cultura autodidacta y llenar los espacios vacíos de su educación.”*

Nunha época en que a maioría de mulleres eran analfabetas, Emilia Pardo Bazán consegue ser a primeira muller presidenta da Sección Literaria no Ateneo de Madrid, e é nese marco onde se desenvolven va-



rios episodios da escritora galega.

Cando se estuda a fondo a figura da ilustre paisana, descóbrese que a Condesa era unha muller moi especial; ademais de culta, divertida, ocorrente e enxeñosa, tamén -quizais para defenderse do ámbito masculino que a rodeaba-, era muller de “armas tomar”. Influenciada polas viaxes a Francia, onde coñeceu ao seu admirado amigo Émile Zola, levaba unha vida moi liberal. Anulado o vínculo matrimonial, eran moi coñecidas as historias da opulenta aristócrata na corte do Reino. Nunha sociedade machista e timorata que castigaba implacable as leas sexuais, á bochuda condesa importábanlle pouco as críticas sociais, gozando

de varios romances con algúns compañeiros de oficio. Os amoríos máis recoñecidos entre a escritora galega e as almas literarias coas que máis se comenetraba eran: Benito Pérez Galdós, Lázaro Galdiano e Vicente Blasco Ibáñez.

No ano 1987 participei co cargo de comisaria nunha exposición antolóxica de Vicente Blasco Ibáñez. Ao investigar a vida e obra do personaxe achei un capítulo interesante de “os amores liberais de don Vicente”, entre os que descubrín unha muller moi importante na súa vida: Dona Emilia Pardo Bazán. As crónicas da época revelan que eran uns amantes moi coñecidos nas esferas literarias madrileñas. Amábanse apaixonadamente e co mesmo ímpeto se enleaban en pelexas gloriosas cando ambos os dous loitaban por un premio literario. Neses momentos de enfrontamento, Blasco Ibáñez, coa súa proverbial vehemencia mediterránea, chamábaa *“La Ilustre Valkiria”*, e ela respondíalle con outro alcume: *El Ilustre Fenicio*. Cando se decataban do resultado do concurso polo que se enfrontaran, felicitábanse, esquecían o anoxo e íanse os dous *de bracete* a celebralo á residencia de Dona Emilia con Tostado do Ribeiro e torta com-

postelá, manxares recibidos con frecuencia de Galicia.

A VINGANZA LITERARIA DA CONDESA DE PARDO BAZÁN

Carlos Viscasillas Vázquez-Ulloa, facilitoume este relato que figura no arquivo familiar:

Don Faustino Ulloa era un home desexable entre as mozas da súa liñaxe; alto, arrogante, simpático e xentil coas damas, pretendeu a Emilia Pardo Bazán cando xa a condesa era recoñecida na arte de escribir. Dona Emilia era unha moza culta, divertida, brillante en sociedade e herdeira dunha inmensa fortuna, pero a natureza negáralle a beleza física; era unha damaña pouco agradecida segundo nos confirman os retratos que se conservan. Este primeiro amor de Dona Emilia con Don Faustino foi un amor de gozos e sombras, polos amoríos do arrogante Ulloa con outras mozas da aristocracia galega que lle facían acenos ao aposto galán.

Naquel contexto aparece en escena unha forte rival: Xoana Nepomucena Villar-Ulloa, curmá de Faustino Ulloa, que se ben non era tan ilustrada como o era Emilia Pardo Bazán, tiña outra arma máis poderosa: era unha bela moza que chamaba a atención cando aparecía nalgún evento social.

Don Faustino Ulloa casou con Dona Xoana Nepomucena e, despois dunha longa viaxe de noivos, instaláronse no Pazo-



A casa museo Emilia Pardo Bazán atópase na Coruña

Casa dos Ulloa, onde o matrimonio viviu grandes desventuras dende o mesmo día da súa voda. Os paisanos da parroquia dicían que era a maldición que lles botara a Condesa.

Emilia Pardo Bazán, desleitada de celos, emprega a súa pluma para vingarse de Faustino Ulloa, e en 1887 publica *Los Pazos de Ulloa*, unha das súas obras mestras, crítica feroz da aristocracia rural galega.

AS AGUDEZAS DE DONA EMILIA

Durante os meses estivais, nun café de Pontevedra, reuníanse os escritores da bisbarra. Había operarios das letras, aprendices do oficio e escritores consagrados. Nun destes faladoiros literarios invitaron unha figura xa recoñecida: Emilia Pardo Bazán, que chegou acompañada de Noriega Varela. Aquel faladoiro tiña como obxectivo principal a crítica literaria dun libro e do seu autor. Ese día tocaba a novela

“Entre Naranjos” de Vicente Blasco Ibáñez.

As críticas eran tan ferozes e a análise da obra tan desatinada que a Pardo Bazán non dixo nin pío; en silencio absoluto consideraba a escena. Cando se cansou de escoitar os “elocuentes críticos” alzouse da cadeira, mirou de fronte os tertulianos e falou moi ufana:

Señores; si la envidia fuera tiña, todos ustedes estarían confinados en el Lazareto de la Isla de San Simón.

Noriega Varela, ao que pediron opinión, concluíu o acto dicindo:

-¡Señores ilustres! Que bien reparte Dios los dones; pues si Vicente Blasco Ibáñez, siendo tan “parvo” y tan ignorante como ustedes afirmaron, logró ser una figura universal de las letras, ¿a dónde hubiera llegado si tuviera talento y cultura..?


Noriega Varela e Dona Emilia, collidos de *bracete*, abandonaron o local deixando “parvos” aos tertulianos coas súas agudezas.

Carlos Paz: a recuperación da historia galega polo camiño da arquitectura

Carlos Xabier Ares Pérez
Escritor e Investigador Social

Falar de antropoloxía tamén é falar dunha das súas vertentes como é a antropoloxía urbana, mediante a que podemos facer un estudo da vida nas cidades e coñecer polo miúdo os xeitos de proceder das xentes do lugar. A urbe de Ourense conta para este cometido cun dos mellores neste eido, trátase de Carlos Paz de Lorenzo “Sieiro”, pseudónimo que ás veces recupera na lembranza do seu avó, un deses homes que facían de todo, practicante e preservador do “barallete” ao igual que tantos afiadores e paraugueiros da terra da chispa e que se manexaba coa carpintería, a cantería e mesmo co debuxo técnico como o mellor dos arquitectos. Quizais as pegadas que deixan os devanceiros en cada un de nós sexa o que fai que algunhas persoas dediquen parte da súa vida e do seu traballo a recuperar diferentes anacos da historia que lle dan sentido ás nosas vidas. Trátase dos intrépidos e temerarios amantes do antigo que non dubidan en investigar e plasmar todo ese traballo en documentos de especial importancia que achegan a quen os le á esencia do que somos e ao inicio dos camiños polos

que percorreron as vidas dos que antes que nós habitaron as terras das que agora gozamos. Un camiño, en definitiva, que hoxe percorren as recreacións que da arquitectura urbana fai Carlos Paz, un ourensán nado hai 46 anos na marxe do Miño menos coñecida da cidade, que un día saíu cara Compostela para estudar dereito e que rematou sendo un experto en paisaxismo, Técnico en Deseño Industrial e Infografista especializado na creación de mundos virtuais en 3D da info-arquitectura e a info-arqueoloxía. Todos estes coñecementos os pon ao servizo da comunidade



mesturando as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías coa cultura de sempre, por iso hai tempo que anda coa teima de recuperar os edificios emblemáticos que naceron na cidade das Burgas no primeiro cuarto do pasado século, facendo renacer aos mesmos nunhas precisas reproducións en 3D. Os planos que durmían nos arquivos do Museo Municipal ou no Catedralicio foron despertados polo afán investigador de Sieiro para que lle serviran de bases coas que reconstruír a cidade tal e como foi. Pero sen dúbida é o seu espírito loitador na defensa do propio o que o fai manterse neste camiño, cabe lembrar que para saber quen somos precisamos saber de onde vimos, e nese camiño anda Carlos, no de non escatimar nin unha pinga de suor para saber como vivían os ourensáns de hai cen anos, como construían as súas vivendas e en definitiva coñecer cal era a realidade da sociedade da época.

Falábanos o mestre Unamuno da importancia da intrahistoria, esa ciencia que fala do



tradicional e das persoas sen historia; contounos tamén mellor que ninguén o xenial Curros Enríquez cales eran as realidades sociais dos galegos que viviron no século XIX e xa pensaban no XX; e agora é Carlos Paz quen recolle estas testemuñas para transportalas á cidade ourensá e facer revivir deste xeito as historias de edificios que non saían nos xornais pero que foron moi importantes no devir e o progreso dunha cidade que medrou mirando cara as fachadas de lugares como o Gran Hotel Roma, a Porta da Aira, o Edificio Chevrolet (Garaxe Hispano-Americano), o edificio Taboada, a Casa Cuanda Cruz, a sede do Círculo Católico de Obreiros ou mesmo o antigo quiosco da Praza Bispo Cesáreo Gustavo; pretendendo con elo que un poida facer un paseo

virtual pola Rúa do Progreso ou calquera outra mergullado nunhas recreacións tridimensionais que son froito do amor e agarimo que o autor sente pola súa cidade, pola súa historia e pola cultura e patrimonio galegos nelas representado.

É así como xorden colaboracións con diferentes entidades galegas como a que mantivo coa Fundación Penzol, para os que fixo unha reconstrución virtual da casa estilo “rexionalista” na que viviu Castelao despois de que o seu amigo o arquitecto Manuel Gómez Román a deseñara e lla regalara alá polos anos trinta do pasado século (feito este do que deu boa conta o xornal *A Nosa Terra* no seu número publicado o 25 de xullo de 1935).

O gran arquitecto ourensán Daniel Vázquez Gulías supón

un dos puntos de referencia para estes traballos, xa que foi a persoa que cos seus deseños lle deu xeito á arquitectura civil da cidade, creando edificios a petición da burguesía como o Hotel Barcelona (1910), a Casa Junquera (1913) e o Gran Hotel Roma (1914), unha construción de tipo modernista que foi a xoia de Ourense e que estaba situado na Rúa do Progreso (onde hoxe están as Galerías Roma). Súas son tamén outras obras como o Gran Hotel da pontevedresa Illa de A Toxa e diferentes edificios doutras localidades como Verín. Quizais para festexar o remate das obras que nos deixou como legado brindara co “*Gran Champagne Gulías*” que el mesmo producía coas uvas das viñas familiares. E Carlos lembra e reivindica a figura deste autor facendo recreacións dos seus



CARLOS PAZ. @SAFECREATIVE 2015.

edificios; xestionando o “Museo Virtual Daniel-Vázquez-Gulías” e o “Centro Cultural Daniel Vázquez-Gulías” do que é socio fundador; participando no libro cooperativo que versa sobre a historia do “Gran Hotel Roma” e tentando, en definitiva, divulgar e manter viva a obra deste imponente arquitecto ourensán. Outros arquitectos como o prestixioso porriñés Antonio Palacios, autor de edificios entre os que cabe salientar o Teatro García Barbón en Vigo ou o Pazo de Comunicacións en Madrid, tamén son estudados por Paz *Sieiro* colaborando en teses doutorais que versan sobre a súa obra en Galicia. Charlas, conferencias e artigos nos xornais son algunhas máis das canles que utiliza para a recu-

peración do patrimonio galego e da historia das grandes edificacións da nosa comunidade de principios do século XX.

Fica agora inmerso nunha triloxía de libros composta polos títulos “*Arquitectura perdida de Ourense*”, “*Arquitectura de papel ou soñada de Ourense*” e “*Arquitectura desvirtuada de Ourense*”, tendo xa o primeiro deles practicamente finalizado, na portada do cal podemos ollar a reconstrución do Garaxe Chevrolet colocado no mesmo emprazamento no que estivo hai xa moitos anos na coñecida Rúa do Paseo e que inclúe fotomontaxes que integran foto real e modelo 3D, reconstrucións infográficas, fotocoloreado de edificios, fotografía antiga, planos archi-

tectónicos e documentación de 40 edificios desaparecidos da cidade de Ourense dende 1570 ata 1994. Unha colaboración no libro “*A casa do concello de Ourense*” editado polo Grupo Marcelo Macías como Anexo 34 do Boletín Auriense no que fai unha recreación virtual do edificio trala reforma de Castro Canseco é outro dos traballos para o que tamén foi solicitado. Bastaría dar un paseo pola web ourense3d.blogspot.com que el xestiona para ver todas as súas creacións.

Como conclusión final chega ao meu maxín a convicción de que fan falta moitos Carlos Paz na nosa terra, moitos que coma el defendan a realidade dun pobo que ten dereito a coñecer e manter a súa historia,



que mediante proxectos como o seu anxeado *Centro Infográfico Avanzado de Galicia* observe como se promoven a investigación, difusión, valorización, conservación e promoción do noso patrimonio histórico; persoas que co seu constante e acerta-

do traballo nos acheguen á recuperación total da nosa identidade, que nos ensinen a valorar o propio e que manteñan en todos e cada un dos galegos a ilusión por coñecer, respectar e valorar altamente a cultura de aquí. Todo o patrimonio urba-

nístico agora recuperado forma parte da historia deste fogar de Breogán no que vivimos, é por iso que debemos sentirnos agradecidos e afortunados por ter a oportunidade de gozar dun pasado que, agora si, xa forma parte do presente.

CARPINTERÍA MARCOS GARCÍA LÓPEZ

- PUERTAS DE INTERIOR Y BLINDADAS
- PARQUET (LAMINADO, MADERA ...)
- COCINAS

MÓVIL : 641437618
email: naviamgp@gmail.com

Apalpador, ese personaxe que regresa polo nadal

José Rodríguez
Mestre de Primaria

O Apalpador é un personaxe mitolóxico que vive na memoria dos nosos antepasados nas comarcas orientais de Galicia como son O Courel, Os Ancares, O Bierzo e As Terras de Trives (aínda que nesta comarca coñécese polo nome de O Pandigueiro).

O Apalpador é un home grande, regordecho e barbudo que visita ós nenos na noite de Nadal. Non, non estamos falando de Papá Noel ou dos Reis Magos; o noso home vive na montaña e dedícase a facer carbón. É un xigante que usa boina e unha chaqueta de lá vella, fuma en pipa, aliméntase de froitas dos bosques e come carne de animais salvaxes que caza no monte. Esta é a historia que os

nosos avós escoitaban dos seus avós os días previos ó Nadal.

Pola noite do Nadal, a pesares da neve e do frío, o Apalpador baixa ás aldeas cun enorme saco de castañas asadas. Entra silandeiro nas casas, apálpalle a barriga aos meniños e comproba que estean ben mantidos. Se isto último é certo comenta: *“Así, así esteas todo o ano”* e déixalles unha boa

presa de castañas quentiñas. No caso contrario, O Apalpador cala, aínda que deixa igual unha presa de castañas. Logo de visitar a tódolos meniños das aldeas regresa cansadiño ao seu lar esperando a que chegue de novo o seguinte Nadal.

Nas aldeas, para acougar aos meniños durante esa noite, os seus avós cantábanlles a seguinte cantiga que tedes no recadro (recollida polo antropólogo luso José André López Gonçález na aldea de Romeor do Courel en decembro de 1994).

Vai-te logo meu ninim/nininha,
marcha agora pra caminha.
Que vai vir o Apalpador
a palpar - che a barriguinha.

Já chegou o día grande,
día do noso Señor.
Já chegou o día grande,
e virá o Apalpador .

Manhã é día de cachela ,
que haverá gram nevarada
e há vir o Apalpador
c´uma mega de castanhas.
Por aquela cembra
já vem relumbrando
o senhor Apalpador
para dar-vos o aguinaldo.

Vaite logo meu minín/miniña,
marcha agora para a camiña.
Que vai vir o Apalpador
a palparche a barriguña.

Xa chegou o día grande,
día do noso señor.
Xa chegou o día grande,
e virá o Apalpador.
Mañá é día de cachela,
que haverá gran nevarada
e ha de vir o Apalpador
cunha mega de castañas.

Por aquela cembra
xa ven relumbrando
o señor Apalpador
Para darvos o aguinaldo.



Lugo, cidade histórica e acolledora



Fundada polos romanos co nome de Lucus Augusti, a cidade de Lugo atesoura máis de dous mil anos de historia e patrimonio. A Muralla Romana é a mellor testemuña da súa evolución, pois dende que foi erixida perdurou inquebrantable ao longo dos séculos, converténdose no símbolo por excelencia desta capital galega.

Ademais da Muralla, son moitos os atractivos que Lugo atesourou ao longo deste tempo. Entre outros, conta no seu legado con importantes vestixios medievais, como a Catedral e o

burgo vello, ou barrocos, como algúns dos edificios máis fermosos da cidade. Para difundir este legado, Lugo conta cunha rede de Museos Municipais especializados no patrimonio arqueolóxico, herdado fundamentalmente da época romana. A oferta cultural complétase cunha cuidada programación cultural que envolve o Concello ao longo de todo o ano.

Alén do Lugo monumental, hai outras moitas facetas, como o seu perfecto equilibrio entre tradición e modernidade, que lle confiren á cidade un engado

especial. Ademais, Lugo destaca polo cuidado dos seus espazos naturais. O horizonte está marcado pola fermosa paisaxe da campia lucense. Precisamente, o Camiño Primitivo de Santiago percorre estas fantásticas paisaxes ao seu paso polo municipio. Outra forma de descubrir estas paraxes é a través das rutas que o Concello ten habilitadas. Ademais, a cidade está rodeada por un cinto verde de máis de dez quilómetros de paseo que transcorre á beira do río Miño e do río Rato. E resulta imprescindible facerlle unha visita ao Parque de Rosalía de Castro que ofrece, en pleno centro da cidade, 23 hectáreas de zona verde e un miradoiro único que permite contemplar uns solpores espectaculares. Outra das máis valiosas herdanzas que os romanos lle deixaron á cidade son as Termas, situadas na ribeira do Miño.

A boa gastronomía é outro dos puntos fortes da cidade. O viaxeiro sorprenderase coa tradición do tapeo.



A publicación desta revista, que este ano cumpre 33 anos, uns meses despois da miña toma de posesión como Alcaldesa da cidade amurallada, bríndame a sensacional oportunidade de dirixirme a todos os lucenses e galegos afincados en Cataluña.

Se de algo pecamos os galegos é de facer patria alí a onde vamos. Vai no noso ser. E iso sábeo ben a colectividade galega de Cataluña, que por moi lonxe que se atope da súa terra natal difunde con paixón e entusiasmo a nosa identidade cultural e social.

Por iso, como Alcaldesa de Lugo quero agradecer a Cataluña a xenerosidade de acoller cos brazos abertos a tantos fillos de Lugo e de Galicia. E neste senso, eu, no nome da cidade de Lugo, quero convidar a todos os fillos de Cataluña a achegarse ao noso concello de historia milenaria, no que sempre queda algo por descubrir.

A todos os que se viron e se seguen vendo obridados a marchar da terra en busca dun futuro máis esperanzador, grazas por axudarnos a facer país. Sodes os mellores embaixadores da nosa cultura, patrimonio, lingua e paisaxes. Quero aproveitar a ocasión para agradecer sinceramente á Agrupación Cultural Galega Saudade a súa ilusión e dedicación por levar sacando á rúa a revista durante todos estes anos. Noraboa polo voso traballo.

Lara Méndez López / Alcaldesa de Lugo

Unha volta pola Mariña Lucense

Xulio Couxil

Socio de Saudade

Aproveitando as vacacións deste ano, visitamos unha zona de Galicia que non tiña moi paseado: Viveiro e arredores.

O aloxamento foi unha sorpresa ao non poder alugarnos na “*Casa Lamelas*” que tiña previsto, pero a alternativa na casa da Sra. Lola, en Covas, foi cómoda e moi económica. A casa da Sra. Lola está moi ben acondicionada enfronte mesmo da Praia de Covas, Os Castelos. Como estaba a marea baixa, aproveitamos para facer unha camiñada descalzos sobre a area mollada, moi recomendable para as articulacións.

Esa mesma noite de chegada, xa saímos e comezamos por achegarnos a San Cibrao-Cervo, para asistir á “*Maruxaina*”, ese grande acontecemento que xa levan 30 anos celebrando e que

acolle a asistencia de milleiros de galegos e turistas que disfrutan dela. A “bruxa embruxadora” dos mariñeiros, a “serea” dos mares cántabros, foi traída á terra e xulgada, un ano máis, e salvada polos mariñeiros e asistentes; despois o xuíz mandou celebrar a Festa e troula, brindando con Queimada popular ata ben entrado o novo día.

Na seguinte xornada visita obrigada por Viveiro, percorrido polo seu casco antigo e recoñecemento de tódolos aspectos históricos da cidade: Ponte da Misericordia, Porta de Carlos V, Porta da Vila, Porta do Valado, Calello do Muro, Casa dos Leóns, Praza Maior, Convento Concepcionistas-Gruta de Lourdes, Igrexas de Santa María e San Francisco, Capela do Ecce-Homo, e saíndo da cidade o convento de Valdeflores, para

mercarmos uns doces feitos polas monxas de clausura.

Subimos ao Mirador de San Roque e contemplamos dende o alto a enseada do río Landro: fermoso. Denantes de chegar estivemos a contemplar os animais que coidan en liberdade vixiada naqueles arredores da área recreativa (reserva especial de gamos). Visitas, vistas, festas, paseos ... moi ben, pero hai que repoñer forzas, así que tomamos un pinchiño e unhas tapas acompañadas de albariño ou unha caña, nas “*Tixolas*”, en Covas.

Achegámonos a visitar a “*Casa Lamelas*” que se atopa no lugar de Morgallón, en Vicedo. Unha casa típica de tipoloxía galega, reconstruída polo seu dono: Xosé Lamelas, que moi amablemente nos recibe e nos orienta sobre os percorridos re-



*Cabo Ortegal*

comendables naquel entorno. As vistas dende a *Casa Lamelas* son espectaculares e seguro que o aloxamento é unha regalía para o descanso e lecer. Boa proba diso son as ilustracións adxuntas. Dende a sala principal, acristalada, podemos contemplar unha fermosísima panorámica do Estuario do río Sor, coa illa de San Martiño no centro. Despois, a xantar no porto de Vicedo, por recomendación de Xosé, claro.

Descanso e paseo post-xantar, para visitar o Cabo de Estaca de Bares. É o punto de separación entre o Océano Atlántico e o Mar Cantábrico, así como tamén lugar privilexiado para avistar as migracións de aves. Segundo teñen contabilizado, nos meses de outono pasan por alí máis de 100 mil individuos pertencentes a diferentes especies, xunto ás anátidas e outras especies acuáticas, avístanse mascatos e aves mariñas.


Outra visita: O Souto da

Retorta e o Pozo da Ferida. O primeiro é un lugar recomendado para pasear e camiñar, pero tamén para contemplar un frondoso arboredo cheo de eucaliptos onde se atopa o máis alto de Galicia: o Avó. No 1860 plantáronse nas beiras do río Landro seis eucaliptos para protexerse das medras do río e foi así como, conservándose

tan ben, chegaron aos nosos días cunhas medidas grandísimas.

Para chegar ao Pozo da Ferida tamén tivemos que camiñar un chisco, pero pagou a pena contemplar esa ferverza enxebre de máis de 30 metros de caída, cun entorno natural cheo de engado e moi ben conservado.

San Andrés de Teixido



Souto da Retorta



Serra da Capelada

Outra visita de obrigado cumprimento é achegarse a San Andrés de Teixido. A lenda di que quen non vai de morto vai de vivo. Un percorrido algo afastado de Viveiro, pero que

aproveitamos para fotografar os acantilados e paisaxes agrestes, con tino, para non topar con animais soltos que nas estribacións da Serra da Capelada se alimentan. A visi-

ta non se completa se non nos achegamos ao “fin do mundo” como lle chaman os do lugar á Punta Candieira. Esa sensación de que remata a terra seguro que se percibe ao ir baixando polo Monte Purrido ata chegar ao faro. De volta, en Cedeira, tomamos uns percebes, con albariño claro está, no *Badulaque*.

¿Que máis queredes que vos conte? Estes lugares feitiiceiros da nosa Galicia hai que visitalos e disfrutalos. A mellor recomendación é que vos acheguedes, sen presa, paseniño, e percorrades todos eses lugares cheos de engado e degustando a súa gastronomía. Non deixedes de mercar algún marisco da zona na lonxa de Celeiro e unha pescada do pincho.

A morriña, un sentimento de identidade

Enrique Rodríguez Álvarez,
galego nacido en Panamá

A morriña ou nostalxia é un sentimento propio en todos os seres humanos. Sen embargo, para os galegos é máis que un simple sentimento, é un selo particular de identidade. A morriña daquel galego que un día –sen desexalo– deixou atrás a muller e os fillos, a casa na aldea, a amada e verde campiña, e emprende viaxe cara terras descoñecidas e non poucas veces ingratas, onde permanece lonxe de todo o que ama, onde os anos transcorren nun silencio cómplice coa tristeza ... esa morriña chega a converterse nun sentimento que desgarrar a alma. Morriña do emigrante que chorou a morte dos seus pais sen volvelos a ver ... e a quen quizais, acolitado por esa mesma morriña, tamén lle chegou a morte sen volver a ver a súa *Terra Nai*. Como esa morriña non hai outra igual e hai que ser galego e sobre todo emigrante para comprendela a fondo.

Os fillos dos galegos vivimos outra forma de morriña, e non por iso menos profunda. Unha morriña que se vai xestando no noso interior desde o berce, cando nos adormecían cunha nana en galego que, aínda que non se entendía ben, soaba nos beizos da nai a arrollo de anxos. Cando os meus pais me contaban de Galicia, os seus labios,

como destros pinceis por riba dun lenzo, pintábanme con detalle a vella aldea, as altas montañas, o límpido cello, os verdes vales, as frondosas carballeiras e castiñeiros, así como o himno á alegría das xestas en flor. Incluso cheguei a escoitar o canto da bubela e o reclamo da pega nunha fría mañá primavera. Pouco a pouco, co paso dos anos, fun creando no meu corazón un álbum de recortes e empecei a sentir as miñas primeiras morriñas ... morriña por coñecer o que dentro da miña alma xa coñecía. Recordo que de rapaz trataba de entender a morriña da miña nai cando me contaba o verde que eran os prados da súa aldea. Eu dicíalle: *“Pero mamá, aquí tamén todo é verde”*, e cun quedo ton de voz, propio da súa profunda morriña, contestaba: *“Meu fillo, non é a mesma herba”*. Agora comprendo canta razón tiña ... moi verdes eran as dúas pero non eran as mesmas herbas.

Así pasan os anos. Xa mortos os nosos pais, chéganos o momento no que nos liberamos de todo o que nos ata no entorno do día a día e, entón, chegamos a Galicia por primeira vez. Levamos, como equipaxe da alma, o “álbum de recordos” que fixemos desde pequenos ... na garganta un nó de profunda emoción ... e unha bágoa dela

tora empana a nosa mirada ansiosa. Alí está a vella aldea de Castiñeiro e alá a casa do meu pai – ou o que queda da casa da miña nai en Moreiras de Arriba – e recoñezo todos os lugares que gardaba na lembranza da miña memoria. Ese día, a vetusta capela de Villardá, engalanada para a festa de San Antonio coas súas vibrantes badaladas, parecía celebrar a miña chegada. Emocionarme ata o máis profundo do meu ser coa preta aberta e salpicado de bágoas desa familia que nunca puidera estreitar pero da que coñecía cada un dos seus nomes... É entón cando recibimos o que din en chamar o bautizo con auga meiga, auga nacida das lágrimas que non se poden conter. Desde ese día ata o último da nosa existencia viviremos a eterna morriña por volver a esa *nosa terra* que nos embruxou roubándonos a alma. Porque Galicia viviu sempre, sigue vivindo e vivirá por sempre en nós ... porque somos galegos.

O traballo dos nosos devanceiros na construción da canle de Panamá

M. Álvarez Rodríguez

Socia da entidade

A labranza era a actividade máis importante na Galicia de principios do século XX, pero os agricultores a duras penas producían o suficiente para o seu propio consumo. Galicia era una rexión atrasada, sen industria, e nela poucas opcións había: ou quedarse e vivir na pobreza ou arriscarse emigrando á espera de asegurarse un futuro mellor no Novo Mundo. Así, aproveitando as grandes obras de infraestrutura que se realizaron por todo o continente americano, os nosos paisanos ían de traballo en traballo emigrando dun país a outro.

Os primeiros galegos chegaron a Panamá desde Cuba cara finais do 1905 para traballar nas obras da Canle, que, aínda que se iniciaran baixo dirección francesa, foron continuadas e finalizadas polos americanos. De seguida, vendo a súa capacidade de traballo, quíxose contratar a máis dos que estaban en Cuba, pero a oposición do goberno cubano e os intereses comerciais norteamericanos na illa impediron que se puidera facer. Ante isto, iniciáronse contactos co Goberno español para conseguir, principalmente, traballadores galegos, aínda

que tamén houbo algúns doutras provincias xa que a española era unha man de obra moi solicitada polo bo rendemento que daba.

A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES EN ESPAÑA

En Vigo estaban as oficinas de **Estanislao Durán** (axente da *Royal Mail Steamship Company*, unha das compañías de barcos que se utilizaron para a viaxe —a outra foi a “Compañía Trasatlántica”—), que tiña máis de 120 axentes repartidos por





toda Galicia e máis de 30 anos de experiencia no recrutamento de obreiros para América do Sur. A empresa de levar traballadores á Canle non era nada fácil: había que borrar a mala imaxe que Panamá adquirira durante o período francés e, á vez, loitar contra o sentimento anti-americano como consecuencia da recente guerra de 1898 na que EEUU apoiara a Cuba na súa independencia de España. Tívoise que facer un grande labor de explicación das novas condicións do lugar e dos seus traballadores, así como das condicións de traballo e de vivenda.

Pero non só había desconfianza entre os galegos, o Goberno español era tamén moi reticente, vistas as duras condicións de traballo. Finalmente, tras varias negociacións, aceptou que, entre 1906 e 1908, partidas de emigrantes viaxasen a Panamá regularmente para establecerse nas obras da Canle. Os primeiros viaxantes serían decisivos na futura contratación pois se os seus informes sobre o traballo e condicións que había eran positivos, os centos que quedaban nas al-

deas esperando as noticias tamén se animarían a viaxar.

DISTINCIÓN ENTRE TRABALLADORES

A calidade de vida do obreiro durante as obras da Canle dependía de se este era norteamericano ou estranxeiro. O primeiro tiña tódalas comodidades posibles, mellores salarios e beneficios sociais, o segundo non tiña nada. As diferenzas non só eran salariais, había separación de razas en todo: os trens e as cuadrillas de traballo estaban separadas entre negros e brancos; o economato tamén tiña partes para cada un, aínda que os prezos eran iguais.

Había dúas escalas salariais para os traballadores: unha nómina de ouro para os norteamericanos brancos, o club dos privilexiados, os que tiñan todos os dereitos e as mellores condicións de vida e traballo; unha nómina de prata para os demais. Ós galegos, pese a estar na categoría de “pico e pala”, é dicir, cos peóns, tamén se lles pagaba en ouro (20 centavos/h) porque esta fora unha das con-

dicións que esixira o goberno español para deixalos emigrar.

As vivendas dos estranxeiros eran barracóns estilo militar, con liteiras de tres en tres e con capacidade de ata 72 homes por barracón. Hai que puntuar, iso si, que estaban razoablemente ben desde o punto de vista hixiénico e sanitario.

A dieta empezou sendo insuficiente, con poucas variacións e de baixa calidade, pero coas protestas foi mellorando algo. Houbo algúns que frecuentaban pequenas fondas que outros compatriotas con máis espírito empresarial abrían; alí tiñan a oportunidade de divertirse e relacionarse con paisanos, beber viño nas comidas e estar nun ambiente máis relaxado.

Para as compras de roupas ou outros obxectos, usaban o economato que tiña a Comisión; funcionaba con cupóns e era exclusivo para os traballadores do ferrocarril e da Comisión, aínda que houbo moitos obreiros que se dedicaban á especulación de talonarios cos donos das fondas.

Fóra das horas de traballo, a vida era psicoloxicamente dura



xa que se atopaban nun lugar estraño, lonxe do fogar, tendo que traballar ás ordes duns xefes que non entendían, que se consideraban superiores e dos que recibían un trato vexatorio moitas veces. Por iso trataban de xuntarse para pasar o rato con outros paisanos e contar historias ou xogar ás cartas ou ós dados, cousa que estaba prohibida e era motivo de sanción. O domingo era o día libre e a maioría pasábao nos campamentos (durmindo ata tarde ou descansando nas liteiras, lavando a roupa, afeitándose, cortándose o pelo ou en grupos contando historias e aventu-

ras), aínda que algúns viaxaban ás cidades de Panamá ou Colón ás veces para ir a prostíbulos. Tamén ían ás fondas e ás cantinas onde atopaban un ambiente amable, alegre e cordial.

Os galegos traballaban co pico e a pala, e, en xeral, nos traballos que requirían máis esforzo físico; tamén traballaban nas vías dos trens movendo, reparando e cambiando a dirección. Traballaban de luns a sábado, con sol, con auga e en ocasións con auga e lodo ata a cintura. Se había moito apuro traballaban 24 horas seguidas. As condicións de traballo eran extremas: o esforzo físico, as

adversas condicións meteorolóxicas (calor horroroso, altísima humidade) e tamén os ocasionais accidentes (fracturas, contusións, golpes, queimaduras, cortes) desgastábanos moitísimo.

Os galegos eran considerados como os mellores traballadores dos que había na Canle polo seu carácter serio, polos seus bos modais, por seren rápidos para aprender traballos novos, soportando moi ben o clima e o traballo. Pero a vida era moi dura e, a pesar dos salarios, algúns trataban de probar fortuna noutros países de América ou volvían a España

despois de haber aforrado algún diñeiro antes de finalizar a obra.

En abril de 1908 empezaron a saír os primeiros traballadores para Brasil coa fin de traballar nas obras de construción do ferrocarril Madeira-Mamoré, engaiolados polo que parecían unhas condicións de traballo moito mellores. Esta supuxo unha situación grave para as autoridades da Canle, posto que quedaban sen obreiros e, á vez, facilitábase o éxodo dos compañeiros que quedaban, cansos dos abusos ós que os sometían os xefes e capataces. Sen embargo, pouco durou esta preocupación: en Brasil atopa-

ron unha situación aínda peor e pronto volveron a Panamá.

En resumo, os constantes conflitos laborais pesaban moito sobre o ánimo dos traballadores en xeral, pois, pese ó bo salario que tiñan en comparación cun obreiro en España nas mesmas condicións de emprego, a súa estancia nas obras da Canle baixo as circunstancias nas que se atopaban suponía un gran esforzo e sacrificio. E se ás condicións laborais se lle sumaban as condicións de vida, o seu sacrificio era maior dando lugar a un estado de ánimo pesimista, sobre todo vendo que as condicións non eran as mesmas para eles que

para os traballadores norteamericanos.

FINAL DAS OBRAS

Cando o 7 de xaneiro de 1914 un barco fixo a primeira travesía completa pola Canle, moitos xa se ían quedando sen traballo. Todos os que querían volver a España eran repatriados, aínda que algúns pedían ir a Cuba onde tiñan familiares. Outros aceptaron marchar a Guatemala para a compañía bananeira, United Fruit Company. Pero tamén foron moitos os obreiros que, ou formaron familias mentres traballaban nas obras, ou trouxeron as súas e xa non volveron á terra.

Paseo Universal, 39

08031 Barcelona

T/ 93 427 27 03

GRANJA PAQUI



especialidades en carnes

y

tapas de todo tipo

paellas per encargo

A mirada a un mundo de culturas. De Galiza a Alemaña

Xemma Padín

Profesora de Lengua Española

Dicían que me acostumaría. Que algún día o sentiría como a miña casa, que a cultura coa que nacín quedaría relegada a un recordo de infancia e xuventude sen ningunha repercusión no meu día a día actual. Ás veces teño medo de que así sexa.

Lembro aquela sensación de chegar a un lugar case inhóspito, cun día a día que eu imaxinaba familiar, pois a referencia que eu tiña deste pobo era a daqueles mozos que viñan á miña vila a aprender o español, durmían nun piso da miña nai (sempre se queixaba porque non llo deixaban suficientemente limpo) e pasaban o día nos bares, na praia, tomando o sol e de festa pola noite. Nada que ver. A realidade deulle un puñazo ao meu rostro inocente de post-adolescente con fame de cambio pero quizais non tanto (ou quizais non ese).

Eu, que viña de Galiza, de tardes eternas, onde os días no verán parecen non ter fin, tiven que loitar contra unha escuridade prematura e unha paisaxe erma. ¿Onde estaba aquela xente que o censo dicía que vivía alí? ¿Estaban todos aprendendo español e deixando “menos limpos” os pisos de aluguer? Supostamente tratábase dunha vila maior que o

meu Grove natal pero en canto o sol precoz baixaba, as últimas persoas entraban nas súas casas, xa para non saír ata o día seguinte. Iso si, se ese día non é domingo. Ese día a metamorfose fai efecto e os seus corpos brancos e louros cabelos convértense en corpos cilíndricos e



de cor negra, escavan na terra e non saen ata o luns.

“Ás seis e media imos comer”. Pasaron uns anos ata que non me acostumei a frases como esta e reconezo que hoxe en día aínda que non me sorprende, moléstame que me conviden a eventos tan cedo (¿ou tarde?) porque non che deixa aproveitar a tarde (nin a mañá). Antes tamén tiña medo de que o meu reloxo biolóxico non estivese capacitado para afrontar eses cambios que a miña integración precisaba. Agora xa non me preocupa. Os convites non teñen unha nai galega facendo tortillas, empanadas, filloas, cortando polbo, fritindo pementos e preguntando se tes fame e che fai uns ovos con pan de millo de sobremesa.

Non existe a retranca, de feito non existe nada que non se diga (ou, incluso mellor, se escriba, porque a burocracia é o deporte nacional), a espontaneidade é exótica e para ir tomar un café necesítase dun oco oficial na axenda. E non esperes máis. Se a axenda di café, nin se che ocorra ter gañas dun refresco. E moito menos dun refresco nunha botelliña de vidro ben fría, con burbullas, un par de pedras de xeo e un pouco de limón. Para iso tes que volver emigrar.

“Nai, pode ser que veñan aprender español todos os alemáns noctámbulos e con sentido da diversión que existen pero quero que saibas que non son pouco limpos, simplemente non entenden a nosa maquinaria”. Miña nai non entendía nada, a súa cara de abraio era case como a dos alemáns cando ven un recolledor ou unha fregona. O país industrial e dos coches por excelencia non lle puxo pau ao recolledor e ten a crenza de que de xeonllos e cun pano frégase mellor.

Pouco a pouco unha vaise integrando e acostumando a durmir en camas dobres, que

non son máis que dous colchóns de noventa centímetros con roupa de cama individual pero encaixados nunha mesma estrutura de madeira e que son culpables da baixa natalidade xermana. Pouco a pouco unha vaise acostumando a xuntar varias almofadas de plumas e, ollo, ¡cadradas!, nun mesmo montón para poder durmir. Pouco a pouco unha vaise acostumando a que ese sol (ou mellor, chamémolo “luz”) que marcha cedo cada tarde, se esperte cada mañá ás cinco e asome pola fiestra. Pouco a pouco unha tamén se vai acostumando a que as cortinas

sexan insuficientes. Pouco a pouco unha vai tendo medo de acostumarse tanto.

¿Unha ten medo a acostumarse tanto? “Vente” di miña nai, e tan pronto se pisan os nosos montes, as nosas praias, se escoita a nosa lingua, a nosa musicalidade, se toca o granito das casas mentres se camiña por rúas cheas de vida, cheira o atlántico, se saborean os nosos peixes e mariscos, se cansa do día, se ve ledicia nos rostros dos máis novos, tenrura nas caras dos máis vellos, se advirte felicidade... unha perde o medo. Digo que non me acostumarei.

BLACK
CAFETERÍA
RESTAURANTE

Carrer Fígols 34, 08028 Barcelona
Tlf.: 93 491 45 37

Menú Diario

Reservas para grupos

Menús para grupos

Pensamentos de aquí e de acolá

José Antonio Pet Posse

Escritor

Vivo en Cataluña dende a idade de dezaseis anos, a onde cheguei para cursar estudos. En setembro cumprense cincuenta e oito anos dende o día da miña chegada. A pesar do tempo transcorrido, síntome moi galego pero tamén moi vencellado a esta terra catalá na que casei e na que tiven catro fillos e despois catro netos. De cando en vez torno á Terra Nai, indefectiblemente cada verán, e alá podo constatar realmente os diferentes comportamentos, as diferentes visións que temos e adoptamos sobre as cousas deste mundo os galegos con respecto aos cataláns. Os galegos, en xeral, tomámola vida con máis acougo, somos máis lúdicos, non nos sentimos tan obsesionados polas cousas materiais deste mundo nin temos un concepto tan elevado de nós mesmos como nación. (Non teño nada claro o que é unha nación, a pesar de investigar a fondo este tema, mais si os cataláns din que eles forman unha nación, nós, polos mesmos motivos, tamén formamos outra). Nós, que somos máis pedestres, non especulamos con conceptos tan sibilinos. Ás veces, os galegos

andamos un tanto escasos de orgullo patrio... Somos máis descridos; somos máis folclóricos, de gaita, que patriotas no amplo senso do concepto. Nos últimos anos, os cataláns, maiormente os que son separatistas, aos que eles din os do *morro fort*, están a padecer un estado de convulsa reivindicación; non se senten cómodos entre os españois aos que acusan de seres parasitarios, carrachos, que viven a conta deles. Estes cataláns séntense moi frustrados. Aínda que poidan ter algunhas razóns para queixarse do “*porco Goberno*”, como soen dicir os italianos, ¿que comunidade autonómica no ten as súas?, son vítimas, sen darse conta, dunha campaña artellada con astucia por uns políticos nacionalistas que saben manipular os sentimentos dun pobo xenéticamente mergullado nun estado de perpetua reivindicación, confundindo sentimentos con dereitos. Os nacionalistas cataláns din que non se senten encaixados en España. Se despois de seiscentos anos de vida en común non se senten encaixados, o asunto é grave. ¡Que veña Deus e o vexa...! Mentres, o señor Rajoy, obsesionado pola

cousa económica, non se dá por preocupado, non está para estas *collonadas*, e segue adoptando a figura de don Tancredo con certa impertinencia.

Penso, cando estou en Galicia, que os galegos amósanse máis ledos, que a súa boa calidade de vida, incuestionable, permítelles gozar dos pequenos praceres deste mundo dun xeito máis natural. Na terra de Breogán respírase calma, moita calma.

Penso en todo o que antecede, e milleiros de cousas máis, cando me atopo aló entre a nosa xente. Talvez porque cos anos un vaise facendo máis sentimental, un chisco máis nostáxico; síntese unha tristeza melancólica orixinada pola constatación dunha residencia permanente imposible na Terra Nai: a morriña como unha doenza conxénita. Aqueles que vivimos a maior parte da nosa vida afastados dos predios familiares, arrastramos un sentimento tráxico, unha saudade que, a veces, se converte nunha morriña enfermiza. Para os galegos que botamos “outras” raíces na diáspora, Galicia é o noso paraíso terreal perdido. En certo xeito, pásanos como a San Ama-

ro, aquel santo que andou errabundo polo mundo buscando o paraíso terreal, e, cando despois de moitos anos, o atopou, só lle permitiron velo por unha fenda. Por iso, ao volver por enésima vez aos currunchos da infancia, comprobamos que o noso paraíso segue tan feroso, tan entrañábel e tan recoñecíbel. Segue sorprendéndonos a súa paisaxe, as súas comidas, a facilidade dos nosos paisanos para ganduzar unha conversa sobre calquera tema, a calquera hora e en calquera lugar.

Na nosa terra, na que aínda se lle rende culto aos mortos coma en ningures, os velorios, os enteiros mailos funerais forman parte dun protocolo implicitamente asumido por todos, ricos e pobres, que de todo hai... Moitos paisanos mercan cada día a *Voz de Galicia* non para enterarse do que aconteceu polo mundo (decote desgrazas) senón para informarse dos contribuíntes que pasaron a mellor vida. Xa non se celebran os velorios nas casas, onde se servían cafés e copas de caña, entre rosario e rosario, ata altas horas da noite; hoxe, coma nas grandes cidades, os mortos estorban e son depositados nos tanatorios, instalacións tan asépticas como fúnebres, nas que os defuntiños da contorna, oportunamente acicalados para a derradeira viaxe, son expostos ás morbosas olladas dos propios

e dos alleos. Diante das portas dos tanatorios crean improvisadas xuntanzas os debedores, amigos e mailos coñecidos do finado para conversar non só das cousas deste mundo, senón tamén, aproveitando a ocasión, das do outro, onde algún día se atoparán, maiormente o día do Xuízo Final no Val de Josafat. Nas últimas semanas os do Partido Popular, que na nosa terra son unha enchente, evitan falar de política, din, entristecidos, que os resultados das eleccións municipais do 24 de maio non lles fixeron xustiza. Un meu parente, que está afiliado ao Partido Socialista, díxome; “non se pode falar con eles, están adoecidos”. Pero, a pesar de tanta calma, algo está cambiando na política galega.

O que non cambia, nin falta que fai, é o bo xantar. Na nosa terra todo se segue celebrando cunha comida tradicional, maiormente con mariscos, pescados, callos, empanadas e cocidos (canto máis porco leve mellor). Na nosa terra, no verán, as festas parroquiais xorden aquí e acolá para espaxamento da nosa xente que, ao escoitala música, sinte como os ritmos tropicais lle alegran a vida. Nos últimos anos, chegan dende Santiago, A Coruña, Noia ou Vigo orquestras-show nas que, ademais dos músicos, que producen un ruído espantoso, un-

has mozas lustrosas amosan ao son dun ritmo do demo unhas anatomías rotundas para deleite dos concorrentes. Os vellos fican e fitan estarecidos, babeian, talvez pensando que todo tempo pasado foi peor, que hoxe os nosos mozos están fartos de todo, pois na maioría das verbenas a xuventude non comparece. (Galicia ten arestora o índice máis baixo de natalidade de toda Europa. No ano 2030, se a tendencia non cambia, será un país de vellos). Non faltan os foguetes da alborada nin a banda de gaitas entonando o pasarrúas de ritual para maior ledicia dos veciños. As festas (mailas orquestras), que unha improvisada comisión de mozos organiza mediante as achegas voluntarias da veciñanza, poden ter un futuro incerto debido ás últimas disposicións oficiais do señor Montoro, ministro da Fazenda do Estado, quen dispón que os das comisións lle aporten as contas (ingresos e os gastos), canto máis claras mellor. O máis parviño sabe para que. Chegará un día malpocado no que pagaremos por alentar. Corren malos tempos, tamén para troulear. As nosas festas estanlle a ver as orellas ao lobo. As desgrazas nunca chegan soas.

Nas conversas nos bares, nas xuntanzas familiares, nas ocasións menos esperadas acoden á miña memoria, como fantas-


mas, os nomes daqueles que, como din os curas “*nos precedieron en la señal de la cruz*”. Xa non teño nin pais nin tíos, que foron nove, e os curmáns, a maioría deles, andan escagallados polo mundo. En Ponteceso, o meu pobo, só coñezo as persoas máis vellas ca min ou da miña idade. E se pregunto quen é tal mozo ou tal moza ao velos pasar tan fachendosos, dinme que é fillo ou neto de casas que teñen alcumes tan ancestrais coma definitivos: o *Puto*, *A Bichanga*, *os Merdaseca de Lestimoño*, *os Carochos*, *o Gaiteiro da Trabe*, *os da Mauriza do Petón*, *os Andrade*, *os Franelos*, *os da Pitisa*, *os do Sabio de Tella...*, toda unha lista interminábel de sobrenomes nos que se concentra unha mestura de conceptual elocuencia e mala uva. Nos tempos idos, cando non había rúas, só correoiras enlamadas, cadanseu recibía o premio do providencial alcume, se supón, con toda a resignación cristiá do mundo. Estas reflexións, e outras moitas que me veñen aos miolos, fanme sentir unha certa soidade anímica, un retorno mental a un pasado que aínda latexa no meu peito. Dende o máis fondo da miña alma, tamén lembro a tantos e tantos paisanos, especialmente de Lugo e Ourense, que viviron exercendo de galegos en Barcelona, cos que teño a honra de haber participado en decenas de actos culturais ou comidas de agarimosa confraternización. Con Iolanda Díaz Gallego, entre outros, a cerebro do grupo, fundamos a asocia-

ción cultural *O Penedo Fogar Galego*, hoxe clausurado por falta de socios e de colaboradores (pouco podían colaborar dende o alén).

O meu amigo Enrique Méndez, ínclito paisano da bisbarra ferrolá, a quen coñecín nas angueiras do Penedo, dicía: “*Eu non lle digo a ninguén que son galego. Non me gusta presumir*”.

Cando se clausura un local acubillo das nosas xuntanzas, e como se caera unha estrela do firmamento celta. Xa quedamos poucos dos que chegamos a Cataluña na década dos anos cincuenta do século pasado. Mais aínda subsisten centros culturais coma Saudade, auténticas illas de irmandade lonxe da Terra Nai, sedes onde se fala acotío o idioma de Rosalía, de Curros, de Pondal, de Celso Emilio Ferreiro e de tantos ilustres escritores galegos namorados da súa terra, santuarios onde se rende pleite-sía á nosa galegitude.

¡Somos galegos! Non esque-zamos endexamais as nosas raíces. En Cataluña, terra de acollida, parte da sociedade segue arestora crispada. Galicia no verán é unha festa.



A nosa Biblioteca

A sección infantil incorporou novos exemplares grazas a M^a Xosé Lamas Pérez, a conferenciante do Día das Letras Galegas, que, encantada coa participación dos nenos no Concurso de Relato Curto, agasallou a entidade cuns libros infantís que esperan ser lidos polos máis novos.



A sección de adultos tamén conta con novos exemplares grazas as constantes donacións do socio Xesús Fraga. As últimas aportacións son, principalmente, obras de teatro de principios do século XX.



SAUDADE: ASOCIACIÓN DECLARADA DE INTERESE CULTURAL

Ano tras ano realízanse en Saudade todo tipo de eventos: cursos e talleres, conferencias, seminarios, festas, saídas culturais, actividades para nenos e maiores ... O labor cultural e asociativo da nosa entidade tivo o seu recoñecemento.

Con motivo do *Día de l'Associacionisme Cultural*, o 4 de xuño houbo un acto institucional presidido polo Conseller de Cultura, Ferran Mascarell, no Teatre de Sarrià.

Foi un acto no que se quixo dar homenaxe ás entidades que no seu día foron declaradas de interese cultural; o mesmo Conseller de Cultura foi o que entregou os diplomas de recoñecemento.

O diploma da ACG Saudade foi recollido polo Vicepresidente 1º da entidade, Francisco Javier Rodríguez López.



CONCURSO DE RELATOS

GAÑADORA CONCURSO RELATOS INFANTIL

Ferrañol

Había unha vez unha aldea que se chamaba Ferrañol. Aquela aldea non era moi famosa, pero para os seus habitantes si. Algunhas aldeas máis modernas burlábanse de Ferrañol, pero a eles non lles afectaba nada porque lles encantaba aquela aldea. Entón, un día decidiron xuntar varias aldeas nunha. Xuntáronse Lugo, Becerreá ... Xuntáronse tantas aldeas que non cabían nas murallas. Porque fixeron unhas murallas para evitar as burlas das demais aldeas. ¡Cando xuntaron aquelas aldeas estaban tan fartos! Vese que Lugo quería máis bares e Becerreá quería máis supermercados. Pero si que había unha cousa que non entendía ningunha das aldeas: Ferrañol non se queixaba nada de nada. Ferrañol tiña todas as cousas que necesitaban: os seus supermercados e os seus bares. Entón, os de Lugo e Becerreá decidiron convencer ós de Ferrañol para que lles deixasen os bares e os supermercados. Ó final convencéronnos e compartiron todo.

Un día, os de Ferrañol quedaron sen supermercados e sen bares porque as demais aldeas ocuparon todo o espazo que tiña Ferrañol. Pasou un mes e os de Ferrañol xa non podían máis. Destruíron as murallas e quitaron as casas das outras aldeas. Ó día seguinte, os de Ferrañol anunciaron ás demais aldeas que construíran máis tendas, bares e supermercados, pero en realidade era mentira. E todos volveron ás súas casas. Cando non puideron porque as murallas que destrozaran puxéronas en Ferrañol. Entón, os de Ferrañol pediron desculpas por destrozar as súas casas e por iso decidiron xuntarse de novo e así acabou a guerra entre as aldeas. E así como así, viviron felices para sempre.

E colorín colorou, este conto acabou.

Laura Iniesta (9 anos)



CONCURSO DE RELATOS

GAÑADORA CONCURSO RELATOS ADULTO

Un carácter forte

Á miña bisavoa gustáballe un rapaz da mesma aldea e era correspondida. Estiveron os dous festexa que te festexarás ... ata que chegou o neno. A muller deuse conta que lle medraba a barriga. Contoullo ó seu namorado e el contestoulle que non se preocupara, que xa casarían. Os pais aceptaron ben o estado da súa filla, e o rapaz seguía visitándoa. Foi pasando o tempo ... o neno naceu ... o neno cumpriu un ano ... o neno cumpriu dous anos ... E como o pai íao ver, na casa pensaban que algún día chegaría a voda. Por fin, chegou o día que llo propuxo. O cura, na misa, durante tres domingos seguidos votou as amoestacións.

Eran as catro ou cinco da mañá do día sinalado para a voda, cando marchaban os noivos xunto cos dous padriños ata a parroquia onde se ía celebrar a cerimonia a primeira hora, non se me ocorre por que o facían tan cedo. Así que chegaron, o noivo empezou a chorar. A miña bisavoa quedou sorprendida, pero tiña carácter e soltoulle: “¿Choras porque casas comigo? Pois non chores, que non fai falta que chores por iso. ¡Non casamos e xa está!”. E dito e feito, deixouno plantado na porta da igrexa e botou a correr para a casa. Despois dun tempo casou cun bo home que a quixo toda a súa vida.

Basilisa García



Protagonistas Os nenos



Un señor

Había unha vez un señor que se chamaba Juan que tiña pouco diñeiro e quería casar.

Despois había unha señora que se chamaba Leiteira que tiña unha tenda de leite. Traballaba moito e despois a señora parou de traballar e comprou un vestido.

E casaron e despois comeron e durmiron felices.

Un día foron ao hospital porque ían nacer dous nenos ao día seguinte. E en agosto fóronse á casa e despois a Galicia.

Compraron roupa e máis roupa e acabaron de comprar roupa. E fóronse a comprar disfraces. Despois fóronse a comprar xoguetes e ían comprar zapatos. O zapateiro era o seu amigo de cando casaron.

Tiña outro amigo que era taxista.

Miguel (5 anos)

A cidade

Había unha vez dous irmanciños, un neno e unha nena. A nena chamábase Ana e o neno chamábase Pablo.

A Ana e o Pablo foron xogar ó Parque de Marín, en Pontevedra. Cando se cansaron adormeceron e unha xente moi amable recolleunos e levounos á súa casa, a Pando de Donis, en Lugo, e a súa nai deulles as grazas.

Colorín, colorou, este conto xa acabou.

Laura (6 anos)



A familia

¿Queredes que vos explique a miña historia, si ou non?
Bueno, se é que si, explicaréivola.

Había unha vez unha nena que se chamaba Emma, e a súa nai que se chamaba Julia, e o seu pai que se chamaba Xavi.

O día 17 de maio era o aniversario de vodas dos seus pais e a Emma deulles dous bicos e un álbum de cartas de amor e cantoulles unha canción que se chamaba “E vira, e vira, e volta a virar”.

Os tres foron moi felices bailando en Saudade todas as cancións que sabían.

E foron felices e comeron perdices.

Alba (9 anos)





Galicia

Imos de vacacións a Xinzo de Limia, que está na provincia de Ourense. Despois visitamos a familia que está en diferentes pobos.

Os meus avós, a Jovina e o Jaime están en Vilar. Alí pásomo moi ben porque vou a recoller os ovos das galiñas, xogo coas gatas que se chaman Chenoa e Marisa. O can chámase Pastor e lévoo de paseo. Tamén me gusta moito ver os coellos e os porcos.

A miña avoa Gloria e os meus tíos, Enrique e Marcial, están en Randín, que é un pobo que está raiando con Portugal. En Randín damos paseos polo camiño dos Mistos.

En Maceda teño os meus tíos: Luís e Carmen, que teñen dous fillos que se chaman Luís e Cristina, que son os meus padriños.

Eu quero quedarme en Galicia pero os meus pais non me deixan porque din que teño que estudar en Barcelona. Cando sexa maior quero quedarme a vivir en Galicia.

Uxía (9 anos)



Buscando unha familia

Había unha vez unha nena chamada Ana, que vivía coa súa madrasta, que se chamaba Nuri. A madrasta era moi mala. Nuri obrigábaa a limpar, facer a comida e facer cousas da casa, e ademais pegáballe. Esas cousas tiñaas que facer ela. Así que un día decidiu ir en busca doutra familia.

Así que marchou. Foi ó bosque e perdeuse. Xa ía escurecendo e Ana tiña moito medo. Encontrou unha folla enorme e tapouse con ela, pero aínda seguía tendo frío e moito medo. Quedou durmida e recolleuna unha familia encantadora. Cando espertou, explicoulles todo o que facía a súa madrasta Nuri e decidiron acollela para que non lle pegara. Ó final todos saíron ganando menos Nuri, que foi denunciada pola familia.

E colorín, colorou, este conto xa acabou.

Paula (10 anos)

Receita de canelóns feitos con filloas

Por cortesía de Mónica Fieschi, Bar-Restaurante Saudade



Na cociña galega as filloas son moi tradicionais de sobremesa. Pero tamén serven de base para enchelas das formas máis variadas, doces ou salgadas, segundo o gusto do consumidor. Aquí vos damos unha receita para que vos animeades a probala.

PARA AS FILLOAS

4 ovos
2 1/2 cuncas de leite
2 cuncas de fariña
1/2 culleradiña de sal
50gr. de manteiga




Poñer nun recipiente os ovos, a fariña barutada (tamizada), e o sal. Mesturar.

Engadir o leite pouco a pouco mentres seguimos mesturando. Cando temos unha masa homoxénea, engadimos a manteiga.

Aceitamos unha tixola e poñémola no lume. Cando estea quente vertemos un pouco de masa e deixamos cociñar ata que os bordos despéguese da tixola. Dámoslle a volta e cociñamos uns segundos. Sacámola e ímolas amontoando para que non perdan a humidade.

PARA O RELLENO

Cebola
Pemento roxo
Tenreira picada
Sal



Facer un sofrito coa cebola e o pemento roxo picado finamente. Engadimos a carne picada e o sal e deixamos que se faga. Reservamos.

Elaboramos unha bechamel e engadimos un pouco ó sofrito reservado.

Poñer unhas culleradas da masa do sofrito en cada filloa, envolver e ir colocándoas nunha prata untada con manteiga. Cubrir co resto da bechamel, espolvorear con queixo relado e gratinar.

¡Bo proveito!

obra nueva
reformas integrales
impermeabilizaciones de terraza
rehabilitación de fachadas
pladur
proyectos técnicos
carpintería interior y exterior
aluminio
cerrajería
instalación



**CUALQUIER REFORMA
PARA SU HOGAR**

oblikuosl@yahoo.es

93 354 42 54

Avda. Río de Janeiro 77 local 2
08016 Barcelona

LIMPIEZAS GENERALES

JOSE LUIS SEIJAS SEIJAS

- Limpieza y mantenimiento de locales comerciales
- Limpieza y mantenimiento de oficinas.
- Limpieza y mantenimiento de comunidades de vecinos.
- Limpieza de cristales.
- Limpieza de garajes y talleres.
- Limpieza de moquetas.
- Limpieza de fin de obras.
- Limpieza general integral de la vivienda.
- Abrillantado y cristalizado de suelos.



CARRER DOCTOR LETAMENDI 98
08042 BARCELONA
TEL 647644792 . FAX 931129992
limpiezas.generales.seijas@gmail.com



saudade

agrupación cultural galega

Se aínda non es socio de Saudade,
achégate á asociación para coñecer
todas as vantaxes de ser membro.
¿A que estás esperando?

